

# A LARANXA MECÁNICA 1344

Stanley Kubrick, 1971

ESTREA EN NUMAX: 24.07.2024 | V.O.S.E. | 137 min

Gran Bretaña, nun futuro indeterminado. Alex é un mozo moi agresivo que ten dúas paixóns: a violencia desaforada e Beethoven. É o xefe da banda dos drugos, que dan renda solta aos seus instintos máis salvaxes apaleando, violando e aterrorizando a poboación. Cando esa escalada de terror chega até o asasinato, Alex é detido e, en prisión, someterase voluntariamente a unha innovadora experiencia de reeducación que pretende anular drasticamente calquera atisbo de conduta antisocial.

«Unha demostración de fortaleza que fai de Kubrick un verdadeiro xenio do cinema»

Paul Zimmerman, NEWSWEEK



## Un libro maravilloso, talvez xenial

*Por Stanley Kubrick*

Lin o libro por vez primeira hai dous anos e medio. Ao remate da primeira parte resultaba obvio que aquilo podía dar lugar a unha gran película. Cando rematei a segunda parte, estaba realmente entusiasmado. Tan pronto como rematei, volvíno ler. Durante os dous ou tres días seguintes relino total ou parcialmente. Pareceume unha obra de imaxinación única, maravillosa, talvez xenial. A invención narrativa resultaba máxica, os personaxes sorprendentes e apaixonantes, as ideas desenvolvíanse brillantemente e, cousa moi importante, a historia tiña a lonxitude e densidade ideais até para seren adaptadas ao cinema sen simplificar moito nin espilar até os ósos.

Non tiven apenas oportunidade de discutir a novela con Anthony Burgess. De paso por Londres, unha noite telefonoume e mantivemos unha breve conversa. Foi principalmente un intercambio de xentilezas. Por outra banda, eu non estaba particularmente preocupado por isto xa que nun libro tan brillantemente escrito como “A laranxa mecánica” un ten que ser moi preguiceiro para non ser quen de encontrar as respostas ante calquera pregunta que poida formularse sobre o texto ou sobre a mesma novela. A miña contribución á historia consistiu en escribir o guión. Foi principalmente unha cuestión de seleccionar e montar, aínda que tamén inventei algunhas útiles ideas narrativas e reorganice algunhas escenas. Porén, xeralmente estas contribucións simplemente aclararon o que xa estaba na novela.

Existen dúas versións distintas da novela. Unha contén un capítulo adicional. Non lin esa versión até que non tiven case rematado o guión. Este novo capítulo describe a rehabilitación de Alex pero, na miña opinión, é pouco convincente e non é coherente co estilo e a proposta do libro. Non me sorprendería saber que o editor forzase dalgún xeito a Burgess para engadir este capítulo en contra da súa propia opinión, de modo que o libro conclúe dun modo máis positivo. Nunca tiven idea de empregalo.

Publicado Kubrick (Carlmann-Levy, París, 1980)

## As dúas versións d'A laranxa mecánica

*Por Anthony Burgess*

É un filme de Kubrick, tecnicamente brillante, intelixente, pertinente, poético e que abre perspectivas do espírito. Foime posible ver o filme como unha reconstrución total da miña propia novela e non como unha simple interpretación e ese sentimento é a maior homenaxe que eu podo ofrecer á mestría de Kubrick.

Porén, teño que dicir que “A laranxa mecánica” non foi publicada completa en América. A obra que eu escribín divídese en tres seccións con sete capítulos cada unha. Colla a súa calculadora de peto e verá que iso suman 21 capítulos. 21 é o símbolo da madurez humana e iso era importante para min. Pero non o era para o meu editor neoyorkino. O libro publicouse só con 20 capítulos e el insistiu en cortar o 21º. Naturalmente eu podía ter obxectado a isto e levar a novela a outra parte, pero consideraba que el fora caritativo ao aceptar o meu traballo e que outras editoriais de Nova York ou Boston habían tirado sen máis. En 1961 precisaba diñeiro e tiven que aceptar esta mutilación. Así pois hai unha profunda diferenza entre o libro tal e como se coñece Inglaterra e o publicado nos EEUU. Como Kubrick fixo a película a partir da versión americana parte do público europeo botaba en falta o desenlace. Posteriormente eu pasei boa parte da miña vida explicando isto mentres Kubrick e o meu editor gozan tranquilamente da súa recompensa.

Publicado en El País, 7-6-1987 "Volver a sober la naranja mecánica"